MOTA CONVÉRTESE EN INVESTIGADORA

PIII! PIII! PIIIIIIIII! PIIIIIIIIII! PIIIIIIIIIIIIIIIIIII! PIIIIIIIIIIIIIIIIIIIII!

Hai uns días chegou un camión á porta de casa.

DIN DON! DIN DON! Escoitei de fondo como alguén que estaba fóra dicía que eran as obras de **FERNANDA FRAGATEIRO.** Caramba! Xa tiñamos unha nova exposición, esperando para habitar a miña casa.

Durante os días de **MONTAXE** estiven moi atenta.

Unha mañá, o equipo de persoas que traballaba na exposición trazou unha liña no chan formando un contorno, onde aos poucos comezaron a colocar as caixas que trouxera o camión.

Escoitaba con atención as súas conversas, apoiábame nos seus computadores, tentando ler toda a información que tiñan sobre as que serían as miñas conviventes durante os seguintes meses. Quen non quere coñecer ás súas compañeiras antes de comezar a vivir con elas?

Polas noites, cando o equipo marchaba ás súas casas e todo estaba escuro, aproveitaba para explorar pola miña conta todas as pezas que aínda non estaban perfectamente colocadas na sala. Estaba moi desconcertada! Había moitas **CAIXAS** de **MADEIRA** que dentro escondían **MOITOS ENIGMAS** por descubrir.



TODO ERA MOI MISTERIOSO!

Unha tarde, decidín meterme nunha destas caixas. Tiña dentro unha chea de pedras de cores: azul, amarela, verde, violeta... Chamábanme a atención tantas tonalidades! Achegueime primeiro á amarela e contoume que viñan desde outro país: **PORTUGAL.** A súa primeira función fora formar parte de casas, pero non as habitaban, senón que estaban nas súas paredes!

QUE CURIOSO! Entón pregunteime: que sería desas casas e como viñeran a parar aquí estas partes delas? Rapidamente a verde díxome que esas casas ás que elas pertencían derrubáranas.

DERRU QUEEEEEEE? Non entendía nada!

A azul explicoume que pertencían a un barrio das aforas de Lisboa, chamado 6 de Maio, habitado en gran medida por persoas procedentes de Cabo Verde. Cando demoleron estas casas, Fernanda recolleu partes delas para que formasen unha obra.

A violeta recomendoume que fose a outra caixa, na que se atopaban outras amigas que querían contarme cousas, e así entendería mellor todo este **ENIGMA.** Funme voando!

Ao chegar, observei que había moitas **PEDRAS,** todas brancas. Contáronme que antes eran parte das paredes dun muro que tamén fora **DEMOLIDO.** Quizais Fernanda as recollera para formar unha obra de arte e observar as diferenzas entre as distintas partes das cidades. Claro! Na caixa anterior todas eran de cores e nesta todas son brancas. **QUE CURIOSO!** Seguro que non as atopou no mesmo barrio! Observastes o lugar no que vivides? Todas as zonas da vosa cidade son iguais? Que diferenzas hai entre elas?





FUNME CORRENDO A OUTRA CAIXA!

Cada vez tiña máis **CURIOSIDADE!** Sorteando algúns obstáculos, coeime sobre unha imaxe dun edificio **MOI MOOOOOI ESTRAÑO.** Parecía que estaba esnaquizado! Despraceime amodo sobre ela para poder observala detidamente, pero comezou a moverse.

—Quen anda aí? —dixo.

—Chámome Mota, son unha partícula de po e este espazo é a miña casa. E ti, quen es?

—Son unha fotografía dunha tenda.

—Unha tenda en ruínas!

—Non, para nada. Sabes? As cousas ás veces non son o que parecen. A fachada deste edificio foi deseñada por un arquitecto e quería que parecese xustamente iso **UNHA RUÍNA!**



Quedei pensando en que as **HISTORIAS** das miñas novas compañeiras estaban relacionadas. Falaban de **MATERIAIS,** de **EDIFICIOS DERRUBADOS** e doutros construídos. Non terminaba de entender por que Fernanda as seleccionara.

BLABLABLABLABLABLABLA!

Comecei a escoitar un ruído. Viña doutra das caixas! A imaxe saltou do susto e co movemento lanzoume a outro lugar.

Había unha revista aberta nunha páxina na que aparecía o retrato dunha muller. Ela estaba a falar con materiais das caixas que tiña á beira.

Cando me viu, díxome: Ola! Chámome **EILEEN GRAY,** eu pódoche contar o motivo polo cal todas estamos aquí, gustaríache?

—Claro que si —respondín.

—Fernanda Fragateiro recolleunos e elixiunos para formar parte das súas obras, ela é unha **ARTISTA** que investiga materiais, obxectos e espazos, transformándoos, dándolles vida e descubrindo a súa historia esquecida.

As súas obras fan fortes as relacións con cada lugar. As súas intervencións escultóricas e arquitectónicas en espazos que non nos esperamos e as delicadas transformacións das paisaxes existentes, son historias de construción e transformación. Para ela as ideas son como materiais coas que constrúe cousas novas, pero hai outras cousas que non son visibles. **ELA INVESTIGA** e **CREA.**



—Claro que non son visibles! —escoitouse de fondo.

Voei rapidamente pola sala a ver de onde viña esa voz. Era a voz doutra muller. Chamábase **ANGELA DAVIS** e a súa imaxe estaba nun libro na parede. Tiven que saltar moi alto para subirme sobre el e escoitala con atención.

Ela respondeu a Eileen:

—Hai moitas cousas que non vemos a primeira vista na obra de Fernanda.

—E falando de invisibilidade! Ti sabes o que é ser invisible, fuches unha arquitecta moi importante, que durante un período de tempo non fuches recoñecida por ser **MULLER.** Por isto, Fernanda construíu a túa caixa Eileen, para facerche unha **HOMENAXE,** e para reivindicar a igualdade entre as persoas.

—É certo. Tamén ti, Angela, traballaches moito para que todas as persoas sexamos **TRATADAS POR IGUAL.** Sempre defendiches que todas temos os mesmos dereitos! Por iso ti tamén estás aquí!

Fíxose de noite con tanta charla.

Estaba esgotada e decidín buscar un lugar para descansar. Ao baixar do libro de Angela, choquei cunha peza que estaba formada por pequenas pedras de ladrillo que todas xuntas parecían unha gran pintura. A cama perfecta para descansar antes da inauguración.

Ao día seguinte esperteime esgotada. Sentía que descubrira un mundo novo e descifrara o enigma: cada caixa contiña **PISTAS** que xuntas construían unha obra e que desvelaban os intereses de Fernanda, entre eles a **ARQUITECTURA** e a **IGUALDADE** entre as persoas. Deime conta de que estas obras esconden moitas historias no seu interior, pero para coñecelas é necesario que haxa máis persoas que traballen ao seu lado: que as coloquen, as coiden e que posibiliten encontros con elas.

GUSTARÍAME MOITO QUE ME CONTÁSEDES NOVAS HISTORIAS! ALGUNHA VOLUNTARIA PARA FACELO?

OUVÍN EU? IMOS ALÁ!

Propóñovos que contedes unha historia a través de obxectos presentes nas vosas vidas. Para iso, é necesario que dispoñades de tempo suficiente e moita enerxía.

Comezamos!

Explícovolo en **6 PASOS** moi sinxelos:

1. ENTRADE no voso cuarto e **OBSERVADE** todas as cousas que tedes. Que historia teñen? Por que están aí?

2. Convídovos a dar un paseo polo voso barrio. Estou segura de que na rúa atopades materiais que representan algo para vós ou aos que lle queredes outorgar un novo significado. **RECOLLÉDEOS,** pero... tede en conta que non poden ser moi grandes porque tedes que levalos ata a vosa casa!

Pensade tamén que, se lle dades unha segunda vida a un obxecto, contribuiredes a non xerar tanto lixo e a Terra poñerase moi contenta.

3. Unha vez en casa, **REFLEXIONADE** sobre a historia que ides contar. Cos obxectos escollidos, que vos gustaría contarlles ás persoas que os vexan? Podedes axudarvos cun lapis e un papel para apuntar ideas.

4. XA TEDES A HISTORIA! Agora só falta a selección final de obxectos. Seguro que elixistes moitos, pero é importante que escollades aqueles que representen mellor o relato que ides contar. Por que eses e non outros? Que queredes dicir con eles?

5. Unha vez seleccionados, imos **CONSTRUÍR** unha **CAIXA** para gardalos, aquí tedes un modelo para usar:



Recortade e encartade: necesitaredes **TESOIRAS, PEGAMENTO** e **PACIENCIA!**

6. Por último, só falta que introduzades dentro da caixa os obxectos seleccionados e que lle poñades un título.
VOILÀ! ESTADES ANTE UNHA OBRA NOVA!

Podes inspirarte neste bosquexo para crear a túa propia caixa



FERNANDA FRAGATEIRO (PORTUGAL, 1962)

Fernanda Fragateiro interésase polas características dos espazos e dos seus materiais. Moitas veces intervén sobre elementos que xa existen para darlles unha nova vida a través das súas obras ou cambiar o significado dalgúns obxectos. O seu traballo relaciona a escultura coa arquitectura, case sempre na voz de mulleres que debemos coñecer.